

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ÓRGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/05  
**CARÁCTER:** EXTRAORDINARIA .  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 24 de abril de 2007

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vnte horas e cinco minutos do día 24 de abril de 2007 reuniuse o Pleno do Concello baixo a Presidencia do Sr.Alcalde D. Balbino E.Pérez Vacas co fin de celebrar sesión EXTRAORDINARIA e coa asistencia dos Concelleiros que á marxe se expresan:

**Presidente:**

D.Balbino E.Pérez Vacas (Alcalde)

**Concelleiros presentes na sesión:**

D.Ramón López Pérez  
D.Carlos Pérez Méndez  
D.Fernando Suárez Barcia.  
D.Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Álvarez Lastra.  
D.Santiago Fdez.Reinante Salvatierra  
D.José Carlos Rodríguez Andina.  
D.Manuel Fernández Fra  
D.Elías García López  
D.Manuel ValínValdés.  
Don José Duarte Díaz  
D.Pedro Tomás Fojo López

**Secretario:**

D.Manuel J.Díaz Sánchez

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Maria José Vázquez Rigueira.

**2007/01/22.- REALIZACIÓN DE CONVENIO COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN CONSERVATORIO DE MÚSICA DE GRAO MEDIO NO NOSO MUNICIPIO, CON MANTEMENTO DA ACTUAL ESCOLA DE MÚSICA.-**

Intervén en primeiro lugar o Sr.Alcalde que manifesta que antes de entrar no propio debate , quixera que quedara constancia de que este pleno foi convocado, nunca mellor dito, por imperativo legal, a petición do Partido Popular, e que tanto a convocatoria do pleno como a propia orde do día fixado polo Partido Popular e unicamente quere significar que entenden que é unha convocatoria cunha redacción do orde do día dende o seu punto de vista irregular, todo vez que lle pediu ao Partido Popular que se incorporara documentación, pero se ven coa simple documentación da orde do día, e non hai ningunha documentación, nin ningunha proposta de acordo que entenden que debe prevalecer, como en todos os plenos, e que o tratamento é efectivamente o dun pleno do Concello de Ribadeo, e non un acto asembleario, e que a continuación lle cede a palabra ao portavoz do Partido Popular para que defenda o primeiro punto.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que di que sí, pero que se lle permite dado que o Sr.Alcalde acaba de facer unha presentación deste Pleno como quixo, por unha cuestión de orde quere poder entrar no debate do que acaba de dicir o Sr.Alcalde.

Por parte do Sr.Alcalde respóntase que o Sr.Rodríguez Andina está no uso da palabra e pode facer dela o que considere máis oportuno.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina manifestase que vai explicar aquí, algo, que xa tiveron oportunidade de explicar nos medios de comunicación , pero que parece que non quedou nada claro, e o van a ter que facer aquí unha vez mais , a ver se co aparatño que grava os Plenos as cousas se poden entender mellor.

Dirixíndose ao Sr.Alcalde lle dí o Concelleiro no uso da palabra , que aquí hai catro cousas na Orde do día , e dicir que falta documentación, nestes catro asuntos, é en primeiro lugar non dicir a verdade; en segundo lugar dicir que non se fan propostas é tamén non dicir a verdade , xa que a realización dun convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a posta en marcha dun Conservatorio de Música de grao medio no noso Concello con mantemento da actual Escola de Música , a proposta está clara e o documento o ten a Sra.Concelleira de Cultura e polo tanto non cree que lle teñan que aportar moito máis; que non sabe de donde sacou o documento , pero o ten , ou sexa que o ten porque estaba no Concello.

A Sra.Concelleira Delegada de Cultura, pola súa parte manifesta que é a responsable de Cultura, e evidentemente o ten, ao que repite o Sr.Rodríguez Andina que evidentemente, e tamén dí o mesmo a Sra.Concelleira.

Volta a intervenir o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular que se refire a que hai outro punto, que é o de exposición pública da documentación actual do PXOM con todas as modificacións efectuadas, e pregunta que como van a aportar documentación se o que piden é que lles ensinen , e polo tanto, que quere que lle aporten, que o que lle están pedindo é que lles ensinen a documentación, e que por tanto, non teñen nada que aportar, non poden aportar nada; dí o Sr.Alcalde que non quererá que lle aporten o informe remitido pola Dirección Xeral de Urbanismo , porque iso o ten o equipo de goberno e o Grupo Popular o ten porque o pediron aquí , e polo tanto o terá o goberno municipal no Concello.

Prosegue a intervención do Sr.Concelleiro referíndose a que o terceiro asunto é que polo departamento correspondente se faga entrega a todos os Grupos políticos da relación exhaustiva da obra pública licitada; que non sabe que documentación poden querer que lles den , e que o que lle piden é que lle aporten esa documentación, non dala o Grupo Popular.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta en relación ao último punto que é algo que o Grupo Popular mantivo con sumísima paciencia ata a mañá do día de hoxe , a dación de medidas pertinentes á vista do estado de tramitación dos acordos adoptados o 21 de marzo, e ata esta mañá estiveron agardando; que polo tanto non sabe que documentación pretende o Alcalde que lle den , en primeiro lugar, e en segundo non sabe como o Alcalde non entende que aquí hai propostas, pero claras e evidentes, e que se ao Alcalde lle parece que o Pleno é irregular , para que o convocou; pero que non lles veña vendendo favores, que si é irregular non o convoquen, e a ver que pasa, pero que non lles veña aquí contando historias, que non son de recibo.

Intervén o Sr.Alcalde que di ao Sr.Rodríguez Andina que en primeiro lugar vai a rebaterlle , porque o Sr.Rodríguez Andina sabe porque estivo na mesma cadeira de Alcalde durante oito anos , que se non se convocara o Pleno quedaba convocado automaticamente pola normativa legal existente; e que quere seguir falando de que para debater calquera asunto e chegar a acordos, sería preciso que o Sr.Rodríguez Andina por exemplo , neste primeiro punto tiveran unha documentación de que tipo de Conservatorio quere levar adiante, con qué se financiaría, con cargo a quen, etc. etc., é dicir coa documentación precisa, para que todos teñan a suficiente información, para que cando chegue a hora de votar saiban a que aterse, e que é o que votan, e que simplemente era iso e que pode pasar o Sr.Rodríguez Andina a propoñerlles o punto primeiro desta Orde do día.

O Sr.Rodríguez Andina comeza a súa intervención manifestando que o que lle podería contestar é so relativo ao punto número 1 da Orde do día e porque se do resto non lles dí nada , debe ser que no resto teñen bastante razón, e que o Pleno quedaba convocado en todo caso, salvo que o Alcalde apoiándose no escrito que lles presentou houbera dito que ao non contestarlle non se convocaba, e pregunta se vale.

O Sr.Alcalde resposta que non.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina que dí que en todo hai todas as posibilidades, e que en relación ao do tipo de Conservatorio é un Conservatorio de Música de Grao Medio no noso municipio , ou sexa en Ribadeo , e respecto á pregunta de que con cargo a quen, a través dun Convenio coa Consellería de Educación e O. Universitaria e respecto ao como, a través dun protocolo que xa está asinado, e que leva o modelo de borrador do Convenio e mantendo como pon aquí a actual Escola de música.

Que respecto a que finalidade ten esto, quere manifestar que a Escola de Música está moi ben, e lles parece que fai un servizo magnífico aos cidadáns de Ribadeo pero o que sucede e que a Escola de Música non é ensinanza regulada e polo tanto cando alguén en Ribadeo quere facer estudos de música, estudia na Escola de Música pero despois ten que ir examinarse a outro lado porque en Ribadeo non pode ser.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina, que lle pareceu que podía ser un bo servizo e lle parece hoxe, o acordo marco asinado é de maio de 2003, que non son oportunistas, maio de 2003, e o asinou o Concelleiro que está a falar sendo Alcalde coa Consellería de Educación en aquel momento e agora o traen aquí , e xa lles dirán o que lles parece , pero daquela lles parecía ben, senón como comprenderán non o houbera asinado, e iso é algo evidente , e se lles parecía ben daquela, agora o queren retomar e poñelo enriba da mesa, e xa lles dirán, como teñen a documentación, se lles parece ben ou lles parece mal e en base a qué, e xa está, e non hai máis e cree que a cousa está bastante clara.

Por parte do Sr.Alcalde manifestase que polo goberno municipal ten a palabra a Sra.Concelleira de Cultura.

Intervén a Sra.Álvarez Lastra que afirma que como Concelleria de Cultura e posto que estivo en relación directa cos profesionais da Escola de Música con Amadores da Música, coa Banda e con todo o relativo á Escola de Música, e que podía dar lugar a un Conservatorio sí que se molestou cando entrou na Concellería de coller a carpeta nominada do Conservatorio, e

evidentemente estivo enriba da súa mesa, e non o tocou porque é o Convenio marco que había , e é un acordo marco entre a Consellería e o Concello asinado polo Sr.Rodríguez Andina e o Sr.Currás o 3 de maio de 2003 e no que se falaba textualmente de que “ A fin de adecuar o inmoble no que actualmente se atopa a Escola de Música para dotalo de espacios axeitados para impartir ensinanzas correspondente a un Conservatorio profesional de música e preciso realizar as obras de adaptación que sexan necesarias , que o obxecto de acadar un máximo xusto de desenvolvemento do sistema educativo galego nos campos das ensinanzas artísticas a fin de proporcionarlle o alumnado unha formación artística de calidade garantir a cualificación dos futuros profesionais faise necesario o acondicionamento da escola municipal de música onde se emprazaran as dependencias dun Conservatorio de musica co obxecto de satisfacer as necesidades que nestas materias teñen os habitantes dese municipio.”

*Dentro das cláusulas , a primeira dice, “o obxecto do presente acordo marco concretase na necesidade de acondicionamento do inmoble , onde actualmente se atopa a Escola de Música para transformala en Conservatorio profesional de música a través das obras de adaptación para crealos espacios educativos necesarios no Concello de Ribadeo. “*

Continúa dicindo que ese foi o seu primeiro achegamento ao Convenio, que entón persoalmente non entende, e tamén como Grupo municipal do BNG entenden que hai que partir do punto de partida de que Conservatorio e Escola non se poden manter, se van a utilizar as instalacións donde agora mesmo está a Escola de Música, e se van adaptalas para convertelas en Conservatorio. Que parten dese feito e entón a partir de ahí defenden a existencia dunha Escola de Música, e van falar un pouco das vantaxes, non porque as diga a Concelleira que está a intervir, senón que a U.E. de Escolas de Música tamén o menciona, e manifesta o apoio ás Escolas de Música e tamén os profesionais das Escolas, e todo o entramado social da Escola de Ribadeo, e que como Concelleira se fixo eco da proposta , e estiveron analizando os peros e os contras de ter no Concello de Ribadeo unha Escola de Música e o que suporía ter un Conservatorio de Música; que para empezar as Escolas de Música son Centros que están incardinados no que é o panorama social e sociocultural, do que é a Vila de Ribadeo , fronte a un Conservatorio que serían ensinanzas de tipo profesional , orientadas soamente a acadar unhas titulacións académicas e para aquelas persoas que quixeran dedicarse a ensinanzas musicais, non por afición , por gusto por ir a ter relación , por tocar un instrumento, ou porque lles apeteza, ou por acompañar ao fillo ao que levan ás clases, senón porque tería un carácter totalmente profesional; que quere sinalar isto para empezar , e que en segundo lugar un Conservatorio ten limitación de idade, e están falando de que nun Conservatorio de Grao Elemental a proba para acceder a él é os 8 nos de idade , e para grao medio están falando de entre 13 e 14 anos, co cal hai un tramo de idade fundamental donde os mais pequenos de 3 a 7 anos se quedan sen ensinanzas, se tiran abaixo a escola ; prosegue sinalando que é a etapa formativa donde os nenos teñen as súas capacidades e actitudes musicais mais desenroladas, donde aprenden, donde se motivan, e onde esta garantido que aquel neno que recibe , como están recibindo na Escola de Música, clases de movemento, de iniciación a música , despois esta moito mais cualificado para tocar un instrumento , para poder acceder a él.

Manifesta tamén que para o goberno municipal é primordial e fundamental non desatender esa etapa formativa e educativa , que xa no Conservatorio quedaría eivada, que iso por un lado, e despois teñen outro tramo de idade, que serían os 12 anos e tamén as persoas que por afición quixeran a partir de esa idade , si non acceden por proba por libre non poderían facer uso, e que tamén se pregunta sobre a convivencia, pero se pregunta tamén sobre a capacidade de Ribadeo e do número de matrícula de alumnos e se ten capacidade Ribadeo como Vila con 9.700 habitantes para poder soste e para poder manter unha Escola e un Conservatorio.

Sinala tamén a Sra.Concelleira que despois vaise referir aos datos dos nenos que están indo á Escola de Música co numero de matrícula que existe, e cal é a realidade vista pola Concelleira no uso da palabra durante estes catro anos; por outro lado en relación ao Conservatorio

estase a falar de probas de acceso co cal hai unha rigorosa selección dos nenos e nenas que van asistir a un Conservatorio, e que se non pasan a proba de acceso non poderían ir, pero a unha escola de música pode acceder a ela, e pode ir todo o mundo; se queren deixar os estudos os deixan, e se queren continuar continúan , incluso teñen a opción de que a idades máis avanzadas se senten gusto pola música , van

alí e van a tocar, e van a relacionarse cos demais; que están falando por tanto , por un lado dunha alta especialización en estudos de Conservatorio relacionados co gusto pola música e con educar a través da música, que é a función primordial do que son as Escolas de música; que este é un dos aspectos que tamén lles parece interesante reseñar, que os nenos van avanzando segundo as capacidades , respectándolles os seus tempos e ao mesmo tempo o poden compaxinar , porque dedicarse á música a nivel profesional supón un esforzo, e supón compaxinar o que son os estudos educativos con ese ámbito que na Escola de música se pode facer dunha maneira máis liviá.

Fai tamén referencia a Sra.Concelleria a que teñen tamén outro aspecto que é o tema do prezo das matrículas , para o que lles parece fundamental tamén recabar e incidir neste tema, xa que asistir a esta Escola de Música ten un custo e unhas matrículas moito máis baixas que asistir a un Conservatorio, é dicir que un Conservatorio ten unhas taxas que están estipuladas xa por matrícula e porque está regulada academicamente, educativamente, e polo tanto parten dunha base dunha matrícula que logo os Concellos poden subir ou baixar , evidentemente dependendo da aportación que fagan para poder sostelo, pero que nun Concello cercano ao de Ribadeo como é Viveiro, asistir ao primeiro ciclo de grao medio a un alumno supónlle como mínimo 400 euros ao mes, e que hai que pagar por asinatura ao mes, e hai que pagar en concepto de matrícula cando na escola de música se paga por concepto de matrícula ao longo de todo un ano académico, e que para o goberno municipal vendo a realidade do Concello é un aspecto tamén importante.

Manifesta tamén a Sra.Concellera que como dixo anteriormente as Escolas de Música son centros sociais, centros culturais onde se establecen relacións, donde se potencian determinados tipos de agrupacións musicais como a Big-Band, bandas musicais e demais e nos Conservatorios están as materias estipuladas, regulamentarias, e non habería opción para elas; que as Escolas de música foron un feito moi importante para darlle un pulo ao que é o ensino *amateur* e a detección de futuros profesionais, e a atención de desenrols das habilidades musicais dos nenos máis pequenos, das capacidades artísticas que poidan ter e orientalos despois e axudalos a que se preparen para que poidan dar ese paso a nivel profesional; que tamén os Conservatorios ao ser algo profesional teñen moi estipuladas as asinaturas que hai que impartir co cal é un abanico moito máis pechado, e dase un determinado tipo de música, e sen embargo nas Escolas de Música teñen cabida diferentes agrupacións, tamén o *folk*, a guitarra eléctrica, ou por exemplo no caso de Ribadeo, e sobre todo na Vila, a danza que non estaba contemplada, e agora mesmo hai unhas 25 alumnas e entón ao mellor algunha delas, ou unha, podería entrar no Conservatorio pero o resto non, e pregunta a Sra.Concellera que está a intervir que fan con esas nenas, que agora teñen gusto e afición pola danza, e que considera que son cuestións que habería que poñer enriba da mesa e que habería que estudar polo miúdo, para poder levar adiante este asunto.

Prosegue a súa intervención a Sra.Concellera, referíndose a que parten do feito tamén de que os Centros de Estudos educativos deben ser algo piramidal, e primarían os centros de Estudos primarios e secundarios para despois pasar aos seguintes, é dicir, que Facultades non existen en todos os Concellos, nin en todos os lugares, senón que debe haber a base, para que despois se poida acceder a eles, porque senón sería

insostible; que en principio son aqueles aspectos os básicos e os fundamentais , e parten do feito de que a Escola de música ten unha función social, ten unha función cultural moi importante que permite o acceso de todo o mundo , de toda a cidadanía para poder optar a él e a poder utilizalo, que permite tamén os concellos poder ofertala de maneira mellor, sen

que supoña un desembolso económico forte para as familias e de ahí que tenten e aposten por a Escola de Música, por intentar mellorar as súas infraestructuras , respecto ao que xa se fixo un esforzo durante estes catro anos, e debese continuar apoiando , continuar seguindo ó de antes para que o proxecto que no seu momento se iniciou como Escola de Música poida ver o seu froito nos vindeiros anos, e para que os nenos e as nenas do Concello aficionados ou non poidan disfrutar dela.

Conclúe a súa intervención a Sra. Alvarez Lastra afirmando que a súa idea , a do Concello , é esa e así o defenden e o deixan enriba da mesa , e evidentemente van a votar en contra do Conservatorio.

Intervén de novo o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que dirixíndose á Sra Concelleira Delegada lle dí que como case sempre lle pasa cos membros do Goberno, e cos do BNG máis quere pensar que a Sra. Concelleira obra de boa fe, e se equivoca, porque senón lle diría que é máis demagoga todavía que o seu xefe de filas, e que para superar ao Sr. Suárez Barcia en demagoxia hai que botarlle moito valor; que se a Sra. Concelleira lera o primeiro punto da Orde do día, vería que pon realización de convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a posta en marcha dun Conservatorio no municipio con mantemento da Escola de Música, e polo tanto todo o seu razoamento a partir dese punto se lles cae polo chan; pregunta o Sr. Concelleiro á Sra. Concelleira Delegada, que quen lle dixo que había que eliminar a Escola de Música e que quen lle dixo que tiña que desaparecer a Escola de Música, e respecto ao que lles conta da idade dos nenos de 3 a 7 de 13 en adiante e de 14 para atrás , que é o que lles conta do servizo social da música, e que aos membros do Grupo Popular que estiveron gobernando 8 anos non lles vai a explicar a Sra. Concelleira como se apoia a Escola de Música , eso seguro, e polo tanto se lle cae pola base, xa que ninguén falou diso.

Afirma tamén o Sr. Rodríguez Andina que hai este Convenio marco, porque o Conservatorio de Grao Medio de Música ten uns condicionantes moi superiores en canto a instalacións respecto ao que é a Escola de Música, porque é un Centro de ensinanza regulada e por tanto na Escola de Música habería que facer obras de adaptación , de espazos , de insonorización, etc. etc. para que puidera servir para Escola o Conservatorio de Grao Medio , o que non quere dicir que como tiñan un novo espacio botaban aos nenos.

Que non, que non é iso , que os novos espazos cos condicionantes que marca a Administración servirán para o Conservatorio de Grao Medio, o cal non quere dicir que alí non poida seguir indo a xente que está na Escola de Música, é dicir que o Concelleiro no uso da palabra non remata de entender como lles veñen a dicir aquí que non se poden manter os dous ; que lles ven contando que por cada neno o Conservatorio lle costa 400 euros aos seus pais, como se aquí se puxeran a atracar ao persoal, pero é que cada neno que vai ao Conservatorio terá que pagar 400 euros, e o que non queira ir ao Conservatorio, e se queira quedar na Escola de Música, estará como ata agora mesmo sen máis; e que non hai ningunha discrepancia entre unha cousa e outra e claro, o que

dí a Concelleira, é sen lerse o que propón o Grupo Popular; que non lles diga que se queren cargar a Escola de Música, e que o que crean é exclusivamente facer algo para a élite da élite da élite, e lle dí á Sra. Concelleira que non é verdade, e que ademais se ten algunha dúbida, voltan a insistir que é a súa proposta, e é co mantemento da actual Escola de Música.

Reitera o Sr. Rodríguez Andina, que é a súa proposta, o que está escrito aquí, e que polo tanto non asuste á xente, e non lle diga que se fan esto se quedan sen iso; e que pode ter a Escola de Música exactamente igual , e lle vai dicir máis, si encima a Sra. Concelleira lle dí que hai moi pouquiños que van ao Conservatorio, pois entón non lles van a saturar a Escola de Música porque son pouquiños, e pregunta á Sra. Concelleira se lle comprende.

Prosegue a intervención do Sr. Rodríguez Andina, sinalando que si encima é ensinanza profesional, pois será ensinanza profesional co que poderá adaptarse o outro horario , que non é o horario dos escolares ou dos traballadores que van á Escola de Música, e polo tanto tampouco lles vale o que dí a Concelleira xa que non pretenden cargarse nada, senón que pretenden dar unha facilidade máis, e parece mentira que o goberno municipal pretendendo

como pretende o Grupo Popular dar un servizo de ensinanza regulada aquí, cando hai xente que ten que irse fora, e fai o goberno a interpretación que fan da redacción, sen ler a interpretación do Grupo Popular, e sen léela lles botan este discurso, e que seguen mantendo a súa proposta porque creen que é un servizo e ademais non lle costa moito máis ao Concello e tiñan botadas as contas coa Consellería, que seguramente a Sra. Concelleira non botou todavía, e que non costa moito máis; primeiro porque os que estudian no Conservatorio pagan efectivamente matrícula oficial, non como as da Escola de Música, por tanto pagan cantidades importantes, pero é que ademais nos Convenios da Consellería cos Concellos donde hai Conservatorios a Consellería da moitísimos máis cartos se hai Conservatorio que se hai Escola de Música, moitísimo máis, e que polo tanto, pode permitirse o luxo de ter probablemente máis profesores e probablemente en mellores condicións laborais que os que teñen agora, e polo tanto non sabe donde está o problema, e se queren manter a súa postura que lle van a facer o senten moito.

Volta a intervir a Sra. Álvarez Lastra, que resposta ao Sr. Rodríguez Andina que non se está inventando nada, e que simplemente fixo alusión a que o Sr. Rodríguez Andina agora poñerá na Orde do día “mantendo a Escola de Música” pero neste acordo que había do día de maio, do 3 de maio de 2003, era reformar as instalacións da Escola de Música, e está textual, e non o sacou da manga, e tamén mirou os proxectos evidentemente que había abaixo, e non había suficiente espazo e había que utilizar o auditorio para facer ese proxecto.

Dí a Sra. Concellería no uso da palabra, que entón lle expliquen os membros do Grupo Popular como se vai a poder realizar no Auditorio, a actividade cultural e con todo o que hai, e tamén integralo co que hai da Escola de Música; a Sra. Concelleira reitera o que dí, de que non se sostén unha Escola de Música e un Conservatorio en Ribadeo porque a día de hoxe os nenos que asisten a un Conservatorio son 13, hai unha matrícula de 250 euros e como mínimo un Conservatorio debe ter 180 alumnos, que esta

regulamentado, e non o inventa ela; e que cree que ten que haber un espazo físico entre o que é a Escola e o que é un Conservatorio. Entón que lle expliquen os membros do Grupo Popular, donde montan un Conservatorio si agora non hai un espazo, que nin as aulas dan as medidas en moitas ocasións para facer o que é unha Escola de Música, que é moito máis flexible, e como se van a adaptar as medidas estipuladas, e que sí as leu, e que si se molestou en miralas para facer un Conservatorio; manifesta tamén que non é demagogia, e que está falando por os papeis, e que cada un que manteña a súa postura, pero que non lle parece axeitado, e que o que hai que facer é mellorar a situación dos profesores da Escola de Música e darlle estabilidade, para que formen nenos, e para que poidan optar as ensinanzas profesionais aqueles que o desexen, e aqueles que o queiran, pero en Ribadeo non poden tirar por terra o traballo e a asistencia de tódas aquelas persoas que o desexen, de todos aqueles nenos, xa que non hai espazo físico na Escola de Música para soste os dous centros, e que pónanse como se pónan!

Manifesta tamén a Sra. Concelleira que podería obrar con descoñecemento pero durante estes catro anos estiveron mirando, estiveron habilitando, e hai moita xente en reserva de matrícula, que lles vai a ser difícil buscar aulas para que esos nenos poidan traballar.

Prosegue sinalando tamén a Sra. Álvarez Lastra, que polo tanto, non fala de demagogia, que fala do que viviu durante estes catro anos e poden dicirlle o que queiran, e agora mesmo a Escola de Música está arredor dos 23 millóns de pesetas e o Conservatorio de Viveiro, que tamén se informou, costa 50 millóns de pesetas, e viven en Ribadeo, e teñen os ingresos que teñen, teñen os presupostos que teñen, e é o que hai, que son os cálculos que fixo é que estimou toda a información que recabou, e todo o que fixo e esa é a súa visión, o seu estudio, que fixo durante estes catro anos, e non se inventa nada, simplemente leu o acordo marco que estaba aquí, textualmente, que o pode ver calquera.

Intervén de novo o Sr.Rodríguez Andina que dí á Sra.Concelleira que é que o acordo marco claro que o leu, e non lle dí que non o lera ben, coa coma no seu sitio e todo, e non se trata diso, se trata de que dí que é preciso realizar as obras de adaptación que se estimen necesarias, e lle pregunta á Sra.Concelleira se lee ahí que haxa que eliminar a Escola de Música, xa que dí “onde actualmente atópase a escola de música para transformala.”

A Sra.Álvarez Lastra replica: “para transformala”

O Sr.Rodríguez Andina lle dí que claro; e a Sra.Álvarez Lastra repítelle: “para transformala”.

O Sr.Rodríguez Andina dí que claro, en Conservatorio profesional de música, e a Sra.Álvarez Lastra dí que eso non lle vale.

Prosegue a deliberación entre ambos, manifestando o Sr.Rodríguez Andina que para que a Sra.Álvarez Lastra non teña dubida de interpretación, lle pon aquí de xeito literal “conservando a actual escola de música”.

A Sra.Álvarez Lastra lle dí que iso é agora, que naquel momento non, e o Sr.Rodríguez Andina lle dí que si, sí, que era conservándoa, e a Sra.Álvarez Lastra volta a dicir que non, de xeito reiterado, que era transformadoa.

Pola súa parte o Sr.Rodríguez Andina dí que era conservando exactamente a Escola de Música e tanto é así que lle alegra moito que lles diga que había proxectos incluso, e que había estudos para facer o que eran os ensaios xerais no auditorio, porque non había espacio, de superficie necesaria na propia Escola de Música, pero eso para poder manter os servicios, e que á Sra.Concelleira pode parecerlle que non; que lle está dicindo que o Grupo Popular é o que propón, e que a Sra.Concelleira lle diga o que lle dea a gaña pero lle está dicindo que propoñen a creación dun Conservatorio de Grao Medio de Música co mantemento da actual Escola de Música, e que lle diga todo o que queira, e non por esta razón, por a outra, e por a outra parécelle que non, e moi ben, e cada un defende o seu punto de vista, pero que non lle diga o que lle dí, de que non porque se van a cargar a Escola de Música porque lle está dicindo que é co mantemento da actual Escola de Música, e non sabe se se explicou, entón eso non vale, e o resto dígalle o que queira, que non collen, son pequenos, non hai espazos, o que lle pareza pero non lle diga esto, porque esto está aquí, e iso o interpretará a Sra.Concelleira, pero isto é literal.

Volta a intervir a Sra.Álvarez Lastra que manifesta ó Sr. Rodríguez Andina, que pode dicirlle o que queira, ahí no papel, pero que ela ve e lee textualmente, “transforma-la escola”, e que se limita a eso, e no papel pode poñer o que queira pero non ve ningún estudio económico, ningún estudio de reforma actual, e ese proxecto habria que volver a mandalo e volver a reformalo, e que non quere tirarse á piscina sen auga; prosegue manifestando a Sra.Concelleira que quere saber os custos, quere sabelo todo, e quere saber se é viable para o Concello onde vive e para que todas as persoas poidan acceder e que quere un proxecto, e se o Sr.Rodríguez Andina lle trae un proxecto, o estudian entre todos non ela sola, senón cos profesionais que traballan na Escola de música, a Asociación Amadores da Musica, o Concello, é dicir todo o mundo, e logo alá cada quen, pero que agora mesmo o Grupo do BNG vai votar en contra.

Prosegue manifestando a Sra.Concelleira Delegada que a proposta non se sostén por ningún sitio, e que o papel aguanta todo o que poidan dicir e as palabras tamén, pero que ve a palabra transformala e non ve ningún estudio rigoroso nin de custos, nin de presupostos, nin de mantemento, nin de matrículas, e so ten os estudos que fixo coa axuda dos profesionais da Escola de música, da Dirección do que hoxe en realidade é a Escola de música de Ribadeo e ten moitas deficiencias e moitas necesidades e que teñen que tirar por ela e que non ten nada máis que dicir.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que ata agora lle tiñan pasado moitas cousas aquí, e so lle faltaba que agora cando fan unha proposta teñan



que facer un proxecto, e non sabe como van facer eles o proxecto xa que (dirixíndose ao goberno municipal) o goberno municipal son os responsables e se lles parece unha boa idea que a estudien, que fagan os seus plantexamentos , e que

encarguen un proxecto e se logo non da os números ou non da o resultado , que se carguen o proxecto, pero en lugar diso lles dín, á oposición, que traia un proxecto, e que como poden comprender e lle parece que é doado que lles pase o mesmo, non contaban en maio de 2003 con abandonar o goberno municipal e supón que o actual goberno tampouco conta con abandonalo agora; entón que o goberno anterior non contaba con abandonalo cando asinaron o Convenio do que se está a falar, e era para facelo , e non para facer un brindis ao sol, e entón que non lles diga que se están tirando a unha piscina, nin cousas desas, e que están facendo unha proposta que facían cando gobernaban e firmaron cando contaban con seguir gobernando.

Prosegue a súa intervención o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, e dirixíndose á Sra.Concelleira-Delegada lle dí que non lle parece ben a ela, porque lle parece que non lle van a cadrar as contas , os alumnos e os espazos, pero lle pide que faga o proxecto, que se reúna coa Consellería , e que llo plantexe á Consellería como llo plantexou o goberno do Grupo Popular e á vista diso , se non lle saen as contas ao mellor teñen que dicirlle pois mire, vostede ten razón , e non hai maneira, non sae; pero que con dúas opinións dicíndolles que se cargan a escola, e quen a carga son o grupo de goberno, é dicir xa saben de que vai isto e como supón que nalgún punto máis vai a ser que non e punto, pois vale, e vai a ser a súa opinión.

Intervén a continuación o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra,Concelleiro non adscrito que manifesta que é difícil non apoiar a proposta pola súa parte agora, que por fin xa é concelleiro non adscrito, e non apoiar a proposta que encima encaixa coas dúas estruturas, a existente e unha nova, e calquera dirixente político que está en Ribadeo, e que presume que non estan en 9.000 habitantes, senón que estan nunha area metropolitana, cun núcleo estratéxico non so de 9.000, que son moitos máis, e de feito cando as grandes empresas queren vir agora mesmo a Ribadeo, ou demandan solos industriais , ou establecementos, como poden ser Inditex, móvense non para perder cartos, móvense por uns ratios,demográficos ,de poboación, de inversión, e segundo iso Ribadeo non cree que sexa o Concello que teña que renunciar a esto; prosegue manifestando o Sr.Concelleiro non adscrito que case podían caer no absurdo de que o Estado dixera, ou o dixeran dende o Concello ao Estado, respecto ao Xulgado de Primeira Instancia que é suficiente para Ribadeo o Xulgado de Paz , e dixeran dende aquí que non queren un Xulgado de Primeira instancia porque costa moito aínda que o Concello tivera que colaborar.

Manifesta tamén que cree que tampouco , que se trata de priorizar tamén , e que se non terían un debate longo e extenso , pero trátase de priorizar , e se lle dín que a estrutura da Escola de Música costa 25 millóns de pesetas , 150.000 €, e que en Viveiro o Conservatorio costa 50 millóns, pois non lle parece ningunha cifra descabellada, e aínda que todo costase 75 millóns de pesetas, non lle parece descabellada, pero sobretodo tendo en conta, e insistir que son os dirixentes políticos os que deben marcar esos ritmos e para eso está o goberno municipal, e trátase de que aquí renunciaron a moitas cousas , e fixéronse cousas, e pregunta se saben canto costou o famoso convenio laboral aprobado por este goberno municipal.

O Sr.Fernández Reinante Salvatierra prosegue manifestando que agora xa lle pasa como a San Pablo, e reitera a súa pregunta dirixida á Sra.Alvarez Lastra , de se sabe canto

costou o Convenio municipal laboral; manifesta o Concelleiro intervinente , en relación a sí mesmo, que aprobou ese Convenio tamén, pero evidentemente prefire o Conservatorio ao Convenio, e o dí agora, e o dí aquí para que conste en acta, e despois pregunta a Sra.Concelleira se sabe canto costa; pregunta tamén o Sr.Fernández-Reinante canto suporía para o Concello que en vez de cederlle ese terreo ao IGVS do polígono 10, xa sen entrar de

quen fora a xestión, ou de quen non fora, pero o caso é que é o goberno a quen lle toca lidiar con iso, pregunta se sabe cantos anos terían de Conservatorio en Ribadeo con iso, e o pon por exemplo, e que é unha cuestión de prioridades, e se o que se está plantexando dende o Partido Popular é conservar esas dúas estruturas, cree que é moi difícil xustificar un voto en contra.

Pide intervir de novo a Sra. Alvarez Lastra, do Grupo municipal do BNG que contesta ao Sr. Fernández Reinante que respecto ao fondo da cuestión, co tema do Convenio laboral non ten que dicirlle nada porque o Sr. Fernández-Reinante votou a favor e que os demais do BNG fixeron e rectificaron o que tiñan que facer, e lle dí que se estivo aquí neste debate, ademais fala de 23 millóns ou de 50 millóns, pero que sería manter as dúas estruturas e o espazo físico, reiterando a cuestión do espazo físico, pero que aparte diso non van a ir ao tema económico, senon que é a filosofía dunha Escola de música e a filosofía do que é un Conservatorio, e que cree que argumentou dabondo o que era un e o que era outro, e que están por un modelo de Escola de Música, e que aposten polo que teñan que apostar.

Interven o Sr. Alcalde para rematar o debate sinalando que se vai proceder á votación do punto primeiro da Orde do día e que no que se refire ao Grupo Socialista van a apoiar o informe da Concelleira Delegada de Cultura, entre outras cousas, porque interpretan tamén que aínda que no papel cabe todo, entenden que é físicamente imposible manter nas actuais estruturas nas que se ubica a escola de música un Conservatorio.

Plantexado o asunto a votación, obtén sete votos a favor (dos membros do Grupo Municipal Popular e do Concelleiro non adscrito) e seis votos en contra (dos membros dos Grupos Municipais socialista e do BNG), acordándose a realización de Convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a posta en marcha dun Conservatorio de Música de Grao Medio no noso municipio, con mantemento da actual Escola de Música.-

#### **2007/02/23.- EXPOSICIÓN PÚBLICA DA DOCUMENTACIÓN ACTUAL DO PXOM COA INCORPORACIÓN DE TODAS AS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS A RAIZ DO INFORME REMITIDO POR A DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO DA XUNTA DE GALICIA.**

Intervén en primeiro lugar o portavoz do Grupo Popular, Sr. Rodríguez Andina que manifesta que supón que neste punto, cando o Sr. Alcalde lle falaba de que lle falta documentación ó mellor e que ademais de dicir, e o di porque xa lle chegou a onda, ademais de dicir exposición pública do PXOM coas modificacións do informe remitido

pola Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, pero con flexibilidade, para completar a proposta, dí que no prazo de 10 días, e por un prazo dous meses.

Reitera que como xa dixo, con flexibilidade, pero de todas formas como o propio Sr. Alcalde xa dixo, fai tempo que xa pasara todos os requisitos, xa cumpría todos os condicionantes, xa pasara ese estudo de impacto medioambiental que hai que facer agora, non sabe si se chama de impacto ambiental ou o que sexa, como esta todo no que lles ensinen, non é mais que iso.

O Sr. Alcalde intervén manifestando que en relación con este punto ten que aclarar o seguinte, que non sabe a que punto do proceso se esta a referir o Sr. Rodríguez Andina, si se quere que se faga a aprobación inicial, e que en relación ao que acaba de manifestar ten que dicir que esta proposta que se fai non responde a ningunha das fases previstas na vixente lei para a tramitación de plans, que o avance xa esta feito e exposto; que con data de 9 de abril recibíuse o documento o que fai referencia, que se chama, documento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM de Ribadeo, preceptivo, segundo a lei vixente, e ten cento trinta e catro páxinas e os criterios deste documento, deben incluírse e reflectirse no Plan, para que sexa ambientalmente viable, antes da aprobación inicial pola empresa redactora

do mesmo, e que unha vez feito isto, e antes da aprobación inicial e necesario o informe técnico e xurídico dos servizos municipais sobre a conformidade do Plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, e por todo o exposto, o que o Grupo Popular solicita é manifestamente irregular, e absolutamente fora do procedemento legalmente establecido na lei, e polo tanto o Grupo Socialista vai a votar en contra da petición do Grupo Popular

Intervén de seguido o Sr.Suárez Barcia, do Grupo Municipal do BNG, que afirma que no sentido que se acaba de mencionar, o Grupo do BNG anuncia o seu voto en contra porque non se axusta a Lei 9/2002 que cree que foi aprobada polo PP no Parlamento Galego en decembro de 2002, e entrou en vigor en xaneiro de 2003, por tanto estan na fase previa á aprobación inicial, unha vez feita a fase de avance, hai un ano e pico, polo tanto agora eso non procede, non é o momento, e respectando a Lei non se debe de facer, e non se debe proceder a isto; que aparte, o que se acaba de comentar de que hai que adaptar o informe de avaliación medioambiental ao Plan, ten que facelo a empresa redactora e entende que os técnicos deberan informar; que hai que recordar que hai anos un plan xeral de ordenación urbana, de aquela do 1993, entre outras cousas, carecía dun informe técnico e por outros motivos e por iso, foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que supón que agora os deberes e mais neste Concello, os terán ben claros no que se debe de facer.

Prosegue manifestando que por tanto entenden que eso non procede, que agora non é o momento procedemental, en absoluto, e como Grupo do BNG tamen anuncian o seu voto en contra.

Intervén de seguido o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra, Concelleiro non adscrito que manifesta que en canto a problemática do planeamento urbanístico, que vai dicir, xa

que estaba no goberno, e que en principio creuse casi todas as cousas, pero agora xa non; que tampouco cree que os cidadáns crean a certas persoas, cando fan un tipo de anuncio en relación ao plan, a redacción e as boas formas procedimentais, e que polo tanto, evidentemente todo o que sexa transparencia, e falta fai nese ambito, será apoiado polo Concelleiro no uso da palabra, e nese ambito, xa que ademais lle queda pouco como Concelleiro.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que referíndose ao Sr.Alcalde e ao Sr.Suárez Barcia sinala que lle están dicindo os dous que lle faltan informes ao Plan, pero dende fai un par de meses lles dixo que estaba todo máis que rematado, e todo feito, e todo listo para levar á aprobación inicial, e que ían como un foguete, e pregunta se faltan informes; e que o pero non é que lle diga o Alcalde que lles faltan informes, é que o Sr.que ten á súa dereita, (O Sr.Suárez Barcia)xa fai bastantes meses dixo que había que levar á aprobación inicial, con suspensión inmediata de licencias o Plan Xeral, e agora dín que faltan informes e que non lle digan se non é chocante.

Prosegue sinalando que no seu momento cando quixo o Sr.Alcalde que se aprobaran os Convenios urbanísticos dentro do Plan Xeral de Ordenación municipal, e non contaba cos apoios do Grupo dos seus socios de goberno, e lle dixo o Grupo Popular ao Alcalde que se abría prazo para que todos os cidadáns poideran presentar convenios, se lles parecía oportuno e ademais para que todos os cidadáns viran o Plan Xeral de Ordenación municipal e xogaran en igualdade de condicións, respecto daqueles catro Convenios, non tardou o Alcalde nin dous minutos en acordar que sí se podía expoñer o Plan, e que lle dirá o momento procedemental ao que correspondía, senon era o do interese en que saíran adiante os Convenios urbanísticos, e que polo tanto non lles veña vendendo motos; que xa sabe o Concelleiro no uso da palabra que non é aprobación inicial nin o Avance, pero naquel momento cando o Alcalde quería sacar adiante catro convenios lle dixerón, se o expón, o Grupo Popular se abstén, e dous minutos, e espuxo o Avance do Plan.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular afirmando que non lle veñan dicindo que por esta razón ou por aquela, pola outra ou a de mais alá,e que non o expoñen

porque non queren, porque da transparencia nada, e que non o expoñen porque teñen dúas alternativas, unha non terlle feito caso a Urbanismo e ensinar o plan tal e como estaba en setembro co cal son tramposos, ou terlle feito caso, e como se enteren os veciños do que tiveron que rectificar, ata o punto que lles esixe urbanismo se van alegrar un montón, que llo dí, e que como non queren nin unha cousa nin a outra, lle buscan as voltas, pero o que sucede é que non queren, e van voltar a ter mala sorte, porque aquí hai un concelleiro que parece que dixo que vai apoiar a proposta e que non sabe como vai ser.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde que contesta ó Sr. Rodríguez Andina que, insistindo no que lle mencionou naquel momento, sí procedía facer un avance do plan, que foi o que se fixo antes do informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo que é preceptivo como foi sempre, incluso no Plan que propuxo o Partido Popular para que se adapte o plan que se esta a debater, e neso están, e que o que pasa é que no medio xurdiu o novo

documento de referencia para o procedemento de avaliación ambiental que se recibiu neste Concello o 9 de abril, e que entón lle repite que o que esta proponendo o Partido Popular non existe en ningunha das fases previstas da Lei, que seguen decindo que é irregular e absolutamente fora do procedemento establecido por lei, e por tanto van a votar en contra, porque manteñen a coherencia que notan en falta en alguen e que nada máis.

Pregunta o Sr. Alcalde ao sr. Valín Valdés do Grupo Popular se quere intervir dicindo este que non.

Intervén a continuación o Sr. Fernández Reinante Salvatierra, Concelleiro non adscrito, que dí que sí, que o que si é certo, é que entón, xa que non manteñen a coherencia, que cree que vai por él, evidentemente.

O Sr. Valín intervén sinalando que non, que vai por él.

O Sr. Fernández Reinante-Salvatierra volta intervir dicindo que pensa que vai por él (en referencia a si mesmo), pero que (dirixíndose ó Sr. Alcalde) o que si é certo e que persoalmente, en moitas ocasións, lle dixo isto: cando queiran, dí Urbanismo que cando queiran, á aprobación inicial, e repite o mesmo o Sr. Concelleiro insistindo en que é así. O Sr. Valín Valdés do Grupo Popular dí que “¡Así é! Así é o goberno”.

O Sr. Alcalde replica que dixo mais cousas que esas, ó que asinte o Sr. Fernández Reinante Salvatierra.

O Sr. Alcalde pregunta ó Sr. Valín Valdés do Grupo Popular se quere intervir, respostando este que “Non, non chegame con oílo a vostede e quédome asombrado un pouco mais do que xa estaba, e o Alcalde que temos “

Volta a intervir o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Popular que dí ó Sr. Alcalde que mire, que nos plenos non se debe enganar, respostando o Sr. Alcalde que non lle quepa dúbida de que non se engana dende o goberno municipal, e contestando o Sr. Rodríguez Andina que lle cabe dúbida.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que pode reflectilo na acta si lle parece.

O Sr. Rodríguez Andina di que ben, pois que se reflecta na acta e llo vai explicar porque non lle cabe dúbida; claro, porque o Alcalde lle dí que non é procedente e absolutamente irregular, e porque naquel momento (en referencia ao acordo adoptado) si era procedente o avance do plan.

O Sr. Alcalde dí que claro, e o Sr. Rodríguez Andina, a súa vez dí que non, e o Sr. Alcalde que sí.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, volta a dicir que non, que o Sr.Alcalde non traía aquí a ningún pleno nin a presentación do avance , nin a exposición pública de ningún plan , eso é falso, e que o que o Alcalde traía aquí nun punto da orde do día , era a aprobación de catro convenios nin o avance nin a exposición, ningún; que o mire o Sr. Alcalde no orde do día do Pleno da data, a ver si por algún lado aparecía calqueira das dúas cousas, e que ningunha de ningunha, e que o Alcalde o tivo que expoñer porque , supón que polo ben do municipio, tiña moito interese en que saíran esos catro convenios urbanísticos , para incorporalos ó Plan , e o Grupo Popular non estorbou, e non estorbaron con esos dous condicionantes e o Alcalde en dous minutos o acepta; pero que non viña ao Pleno nin o avance nin a exposición pública, que o tragou o Sr.Alcalde porque non lle quedaba máis remedio, e que non lle veña contando agora que, que claro que era o momento procedimental de non sabe qué,de non sei canto, que e reitera que non .

O Sr.Alcalde , pola súa parte dí que sí , respostando o Sr.Rodríguez Andina que non engana o Sr.Alcalde no dos plenos, que todos estaban aquí, senon no da orde do día do Pleno.

O Sr.Alcalde pola súa parte contesta tamén ao Sr.Rodríguez Andina, que non está tratando de enganalo, nin a ninguén, e que o que está aplicando é a vixente lei 9/2002 que fixa os prazos para facer os avances , a aprobación inicial e as correccións propias que diga a Dirección Xeral de Urbanismo ,e que o que ocorreu naquel pleno esta reflectido nas actas, e é de dominio público , e enton que fora o momento, ou que o Alcalde pretendiera aprobar ou non aquelas urbanizacións , o que lle está dicindo e que si naquel momento procedimental era posible facer o que se fixo, que foi o avance , e nada máis; non lle está dicindo que fora o pleno senon que procedimentalmente e falando da Lei 9/2002, e si que procedía , ou si que era posible naquel momento, facer o que acordou o Pleno que é o que fai sempre, incluso o Sr Alcalde e nada máis.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez resposta que o que lle quere dicir o Alcalde é que do ano pasado por estas datas, a hoxe, cambiaron tanto las normas,que naquel momento se podía e agora non.

O Sr.Alcalde dí que efectivamente , en aquel momento podíase facer.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta si non estan falando da Lei do 2002, e ó Sr.Alcalde dí que da mesma.

O Sr.Rodríguez Andina dí que enton si era a Lei do 2002, e isto e do 2006 e se puido enton , pregunta porque no 2007 non se pode , e si cambiou , e que a data lle da igual, pero a Lei e do 2002 e que se fixe no que lle está dicindo.

O Sr.Alcalde dí que a Lei 9/2002 , e o Sr.Rodríguez Andina responde que en base a Lei do 2002, o Alcalde lle dí que no 2005 se podía, e que en base a esa mesma lei que e do 2002, e por tanto non cambiou , di que no ano 2007 non se pode.

O Sr . Alcalde respostalle que efectivamente.

O Sr.Rodríguez Andina lle dí que perfecto , pero que lle vai a dicir algo mais , así que o documento de avaliación ambiental lle chegou o 9 de abril ,respostando o Alcalde que sí.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina, que dí ao Sr.Alcalde que entón en xaneiro ou febreiro tiraba fogos artificiais ou que saía nos medios de comunicación dicindo que estaba todo absolutamente rematado, o documento de avaliación ambiental, porque poden ir as hemerotecas , e a ver que lles conta.

O Sr.Alcalde contesta que porque estaba rematado, pero se recibiu no Concello nesa data o informe.

Intervén a continuación o Sr.Suárez Barcia, do Grupo Municipal do BNG, que dí que cree que se esta confundindo aquí algunhos terminos; que non vai ser quen , e o seu grupo , sabese públicamente que manteñen nalguns aspectos importantes discrepancias co socio de goberno, que non hai que recordar o da aprobación dos convenios, dos cinco convenios urbanísticos, pero que dende logo o que si está claro e que a Lei 9/2002 que foi aprobada no Parlamento Galego, somentes cos votos da maioría absoluta do Partido Popular naquel momento,e a diferenca da Lei a que substituiu, que foi a lei de 1997 , esta lei 9/2002 no procedemento de avance , sacouno de obrigatorio a facultativo polo tanto o Alcalde hai dous anos dunha maneira, *de motu proprio* , que non veu o pleno efectivamente , e porque a Lei o permite , someteuno a un avance, a unha fase de avance, e ademais de acordo, que cree que daquelo, a parte do que pasou no Pleno, con aqueles convenios, de todo o que pasou , non é o momento agora de recordar, e non hai ningun problema en recordarlo agora tampouco , polo menos pola parte do BNG , e advertiran daquela que se iba alongar no tempo e que dubidaban de que o Plan se poidera aprobar en prazo.

Pregunta o Sr.Suárez Barcia, do Grupo Municipal do BNG, se foi así ou non foi, e que aquilo foi no ano 2005 , e agora estan no 2007, e non teñen todavía nada , pero foi, e foi asi, a disgusto , a gusto dunhos e a disgusto de outros, pero foi asi, e esto se mete nese carril xurídico , unha vez publicitado en fase de avance , non queda outro que ir a unha fase de aprobación inicial e punto, e non hai mais estacións polo medio, nin hai metas volantes , nin hai paradas, nin hai aprobación inicial e que a aprobación inicial pódese facer con ou sen informe previo, que é facultativo.

Reitera que se pode facer con ou sen informe previo que é facultativo, e o informe foi pedido, foi pedido e recibido e adaptado.

Dí o Sr.Rodríguez Andina ao Sr.Suárez Barcia que non apunte que llo sigue decindo , que hai poucos meses saiu unha disposición autonómica pola que os plans, a diferenca do que ocurría ao principio da Lei 9/2002, todos teñen que ter un informe de avaliación mediambiental que foi algo *exnovo*, e non sabe si hai 7 ou 8 meses, non está moi seguro,

foi algo que houbo que someter a exposición ó publico , estivo colgado en Internet durante cree que 45 días , etc., etc., e agora hai que adaptalo, e hai que adaptar o plan ao que se diga nese informe , e o mesmo tempo os informes do que o Sr.Rodríguez Andina dicía que se sorprendía que non houbese, son os informes do Tecnico Municipal e do Secretario municipal, e entende que deberan ter un tempo para estudialo, e para emitir informes, e que polo tanto non cabe outra , reitera que non cabe outra; que en relacion á súa proposta inicial do plan do período do Sr.Rodríguez Andina, que xa que agora tanto fala, tampouco se atreveu a aprobalo, e é verdade, porque tamen tiña medo, ao seu plan, e eso que faltaba un mes e pico para as eleccións, pero non se atreveu , foi a exposición pública en aprobación inicial pero non volveu a ratificación , non volveu a aprobación provisional , quedou ahí morto. De feito, no goberno municipal do 2003 trouxeron a pleno a anulación de aquel acordo, para que non houbera posibles impugnacións a todo aquilo, e que está nas actas.

Prosegue sinalando o Sr.Suárez Barcia que non sabe si está nas hemerotecas, pero polos menos nas actas si que está , asi que polo tanto unha vez que se mete no carril da fase de avance, non queda outra que a aprobación inicial, polo tanto non van entrar porque dende logo pensa que hai que ser serios , ser serios e tamen ser respetuosos coas regras de xogo, que é a Lei 9/2002 que por certo aprobou o PP e que cumpren, como Lei aprobada,e punto e final.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular que dí que o Sr. Suarez Barcia, que tiña unha prisa enorme ,e que leva un montón de meses dicíndolles que inmediatamente aprobación inicial , agora todo son pegas , o informe do Secretario, o informe do Técnico Municipal, de non sabe quen, o informe de Urbanismo , cincoenta mil informes, e enriba o informe este de calidade ambiental, e que xa non se acorda como se chama, ese informe ambiental que estaba en xaneiro, que lles chega en abril, e que, dende logo esta Xunta funciona fatal , porque miren que van lentos.

Segue manifestando o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular, que entón non o acaba de entender , esa coherencia destes grupos de goberno , e que ademais, é que o Sr.Suárez Barcia con botar a lingua xa esta, o Grupo Popular aprobou inicialmente o plan, en plena campaña das autonómicas, en setembro, e as autonómicas eran en outubro , por lo tanto falseou o Sr.Suárez Barcia a realidade cando di que non o aprobaron, o aprobaron inicialmente e en xaneiro do ano seguinte houbo unha modificación do plan, e esa modificación do plan que o que provocou é que todavía no ano 2007, están pelexándose con esas modificacións, pois claro que resulta que fai pouco lles fixeron outra modificación para o estudio ambiental, e lles voltan a retrasar, e xa que parece que lle están entendendo, que llo expliquen porque parece que non lle quere entender; que a aprobación definitiva non se fixo porque modificaron a Lei e non poideron, pero a inicial a presentaron, e o que lle extraña é que o Sr.Suárez Barcia que tanta prisa tiña, pois agora non, pois parece que todo son inconvintes, e que son inconvintes polo que lles dixo , que é verdade, e que están pillados, que arre ou so ,e que o que non queren e que a xente vexa como queda o Plan; que lle din que taxativamente, que a lei prohibe que se exhiba o Plan, e que pregunta se lle van a afirmar a él (en relación a sí mesmo) que si este Pleno acorda que se faga público, a lei impide que se enseñe o Plan aos cidadáns , e reitera que si llo van a afirmar a él, e

pregunta se é iso o que lle están dicindo, que esta regulado , tan regulado , tan regulado que non hai mais, que do avance á aprobación inicial, e polo medio todos calados, e gardado o plan nun caixon, e pregunta o Sr concelleiro que está a intervir si eso é o que lle din, e se é así; e se lle parece o Alcalde que a lei prohibe que se enseñe o plan.

Por parte do Sr Alcalde contestase o Sr Rodriguez Andina que o que lle di e que é manifestamente irregular a publicidade do documento, que todavía non sabe cal é, e o que é o que o Sr Rodriguez Andina quere que se expoña porque xa estivo exposto.

O Sr Rodriguez Andina pregunta si é que non modificaron nada dende aquel documento e que enton van amañados.

O Sr Alcalde replicalle que tenen que adaptar o documento ao informe ambiental, ao informe da Direccion Xeral e proceder a aprobación.

O Sr Rodriguez Andina pregunta ao Alcalde si lle esta dicindo que si desde setembro que lles chegou o informe da Direccion xeral de Urbanismo ata dia de hoxe que están casi en maio, non adaptaron o plan ao informe da Direccion Xeral de Urbanismo e si lle esta dicindo eso. O Sr Alcalde di o Sr Andina que non, que lle esta dicindo que chegou o 9 de abril.

O Sr Andina a sua vez replica que o informe da Direccion Xeral de Urbanismo foi en setembro, e o Sr Alcalde lle di que sí, que efectivamente eso xa o ten a empresa redactora e está en eso; o Sr Rodriguez Andina dí que o supón, e que o Sr Alcalde que agora ten que adaptalo tamen ao redactado por Medio Ambiente.

O Sr Rodriguez Andina di que a pesar de todo, e postos a irregularidades o que teñan, e que xa esta, porque claro a demostración e xa tan palpable de que non queren ensinar o documento nin tolos e que xa o ensinarán, e igual lles ensinan o de maio de 2005 e que lles ensinen o que lle pareza oportuno e que logo xa falaran.

De seguido, polo pleno municipal por sete votos a favor (dos membros do Grupo Municipal Popular e do Concelleiro non adscrito) e seis en contra (dos membros dos Grupos Municipais Socialista e do BNG) acórdase: A exposición pública da documentación actual do PXOM coa incorporación de todas as modificacións efectuadas a raíz do informe remitido por a Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia no prazo de 10 días , e por un prazo dous meses.

**2007/03/24.- QUE POLO DEPARTAMENTO CORRESPONDENTE SE FAGA ENTREGA A TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS DESTA CORPORACIÓN DE RELACIÓN EXHAUSTIVA DA OBRA PUBLICA LICITADA, ADXUDICADA E /OU EXECUTADA DENDE O DIA 1 DE XANEIRO DE 2007 ATA OS QUINCE DIAS POSTERIORES Á REALIZACIÓN DO PLENO, CON INCLUSIÓN DAS CANTIDADES CORRESPONDENTES E AS PARTIDAS PRESUPOSTARIAS AS QUE FORON IMPUTADAS.**

Iníciase a deliberación intervindo o Sr Rodriguez Andina do Grupo Municipal Popular, dí que este punto e máis claro que auga, e que creE que está fácil, ao que responde o Alcalde que si.

O Sr Rodriguez Andina di que en quince dias e que si queren llo dan a todos os grupos.

O Sr Alcalde di que si , que efectivamente, pero que tamen lle permita a licencia de que lle diga que esto , con que o pediran se lles daba, e non facia falla que viñera a pleno e que van a apoiar este punto; o Sr Suarez Barcia, do Grupo Municipal do BNG, dí que tamen.

Toda vez que o Sr Alcalde dí que por unanimidade, o Sr Rodriguez Andina afirma que lle permita un segundo que o dubide, respostandose polo Sr Alcalde que a dúbida e un tema existencial que xa o decía Descartes, e o Sr Andina dille que efectivamente ten toda a razon do mundo.

Sen promoverse votacion polo pleno municipal por unanimidade acordás: Que polo departamento correspondente se faga entrega a todos os Grupos Políticos desta Corporación de relación exhaustiva da obra pública licitada, adxudicada e /ou executada dende o día 1 de xaneiro de 2007 ata os quince días posteriores á realización do pleno, con inclusión das cantidades correspondentes, e as partidas presupostarias as que foron imputadas.

**2007/04/25.- ADOPCIÓN DE MEDIDAS PERTINENTES Á VISTA DO ESTADO DA TRAMITACIÓN DOS ACORDOS DO PLENO EXTRAORDINARIO DO DIA 21 DE MARZO DE 2007 NO QUE SE ESTABLECERON UNHOS PRAZOS PARA A EXECUCIÓN DOS MESMOS.**

Intervén o Sr Rodríguez Andina do Grupo Municipal do Partido Popular que dí que efectivamente o 21 de marzo de 2007 houbo dous plenos, que no primeiro deles faláron dunha serie de arranxos que o seu grupo atendía, porque así llo dicían os veciños que había que facer, nunhas cantas pistas rurais e que tamen faláron de bastantes arranxos que había que facer nas rúas do casco urbano de Ribadeo, e desas casualidades da vida, porque o Concelleiro que está a intervenir dí que é un ignorante na materia, cando fixo a súa exposición dixo que o das pistas rurais ía costar 40 millóns de pesetas, e ,non é que diga a efectos de ser un pouco adiviño, porque costa 241.000 euros e non se equivocou



máis que en mil euros, e para iso máis de mes e medio, e que cando se enteran é esta mañá, e que naquel momeno se acordou o seguinte: Primeiro, que polo Concello polo técnico que decidan, que redacte o proxecto no prazo de quince días; Que de forma reiterada lles advertiron que ian en serio, lles dixeron que os temas e os acordos do pleno habia que cumprilos, lles dixeron que tiñan que traballar, que traballar non é firmar 48 papeis con un Conselleiro esta mañá, que é outra cousa; Que tiñan que facer as cousas que aprobaban no pleno, que hai que cumprilo, que lles avisaron xa fai bastantes días e que o seu compañeiro Sr Valín Valdes veu polo Concello a ver como estaba a tramitación, pero pasados quince días largos, non había, o unico que había era, parece ser de palabra, que o Sr Alcalde lle pedira aos técnicos municipais que lle informe a ver como era eso das pistas, si estaban ben ou estaban mal, si o Sr Alcalde nese momento poidera discutir si había que arranxalas ou non, cando non era cuestión de esa discusión e xa llo dixo o outro día, se acordou e hai que arranxalas e non hai máis; pero ademais no segundo punto se acordou que se faga unha tramitación por procedemento negociado, como estan facendo, e máis o confirmaron xa no Pleno anterior, para alixeirar e que fora unha cousa rapida, e unha e outra vez lles dixeron que o fixeran e cumpriran os acordos do primeiro pleno.

Prosegue intervindo o Sr Rodríguez Andina, que manifesta que como resultado, esta mañá no tema das pistas o que ten feito o goberno municipal e isto ( exhibe no pleno o documento elaborado polo Servicio Técnico Municipal) que consiste nunhos números seguramente perfectos, pero nun cree que isto se poida chamar proxecto, pero seguramente lle chamarán proxecto, que consta de 6 ou 7 folios e un monton de fotografías, que cree que hai oitenta, pero non lles fai falla, xa que se fían dos veciños que lles dixeron que estaban mal, que os buracos non fai falla fotografíalos, que supoñían que estaban, e que esto suma douscentos corenta e un mil euros, e que saiban disto non hai nada avanzado, que saiban, e ao mellor lles sorprende e lles dí que está todo adxudicado algunhas desas pistas e de forma subrepticia, a través desa Concelleria de Delegacion de Obras Públicas e outros menesteres, pois anda tirando paladas, zahorriña eiqui, e un pouco de chapapote alí, pero este proxecto que saiban non esta.

Manifesta tamen o Sr Rodriguez Andina que despois houbo outro pleno, donde plantexaban arranxos de rúas , no casco urbano, e dicían Camilo Barcia, Alfredo Deaño, Avda Calvo Sotelo, as beirarrúas de Ramón Gonzalez que lles dixeron que en Ramon Gonzalez non é que foran facer beirarrúas, que ian facer máis cousas, e a rúa Lazurtegui e Carlos III, a día de hoxe ningún papel , pedido esta maña, ningun papel, por tanto moito menos, nin contratado, nin adxudicado, nin licitado, nin nada de nada, pasaran os quince días moi de largo; que resulta que o goberno municipal non cumpren os acordos, non traballan , lles advertiron de forma reiterada que hai unhos acordos que hai que cumprir e que hai que facer as cousas , que foi aburridísimo o Conselleiro no uso da palabra , que soe ser, pero nesta ocasión moito máis, dicindo unha e outra vez durante o derradeiro mes, e non o fixeron e non saben moi ben si lles quere tomar o pelo, en xeral, a todos os veciños de Ribadeo, ou a quen; que non lles deixan saída e que eles non se animaban, pero que houbo xente que lles animou, xa fai dous meses ou mes e medio, a sacarlles o soldo, sacarlles todo e castigalos, e que o Conselleiro que esta a intervir dixo que non , que non era ese o método, que o que tiñan que facer era

poñelos a traballar, porque en catro anos non traballaron, e polo menos xa no ultimo mes que fixeran algo, e quixeron poñelos a traballar e non queren; que lles dixeron que ollo, que senon traballan pode pasar algo, e non queren, e agora saldrán de aqui como martires, pero como no lles demostren con documentos, aquí, que os acordos que se propuxeron e que se tomaron se cumpriron, a proposta do Grupo Popular é retirarlles ao Alcalde e ao Tenente de Alcalde o soldo.

Interven o Sr Alcalde que dí que vai empezar por informar debidamente ao Sr Rodriguez Andina do que manifesta; que non lle encargou verbalmente ao Arquitecto municipal nada; que cree recordar que nas 48 horas seguintes a aprobación do Pleno dictou un Decreto,

facéndolle chegar os acordos plenarios, ou sexa que cree que debe empezar por axustarse a realidade, que é a que lle esta dicindo; que polo encargado da Oficina Técnica procedeuse a visitar todas as pistas que mencionaba o Partido Popular, e realizar a reportaxe fotografica necesaria para acometer as obras, e por certo desa reportaxe fotografica se chegou á conclusión de que dúas pistas que se solicitaban xa estaban feitas pola Delegacion de Obras do Sr Suarez Barcia, dúas das pedidas, que durante o tempo seguinte a todos esos días, polos Servicios Técnicos fixeronse as medicions de todas esas pistas, previa visita a cada unha delas, e as valoracións correspondentes para realizar os presupostos que ten o Sr Andina hoxe enriba da mesa, por valor de 241.000 euros; que agora mesmo estase en fase da redacción do proxecto para que a Oficina inclúa nun so proxecto todas esas realizacións que solicitou, ou aprobou o pleno, que por conseguinte si as instrucións de que dispón a Oficina Técnica é de avanzar no acordo plenario, e que cree que están traballando, xa que a Oficina Tecnica estima oportuno que se faga un so proxecto, e se licite esa cantidade porque se pode conseguir con este importe de 241.000 euros unha baixa que pode rondar entre o 12% e o 15% na licitación.

Manifesta tamen o Sr Alcalde que en canto as obras, e unha vez redactados esos proxectos traeranse a pleno, e procederase a licitación segundo os acordos plenarios; en canto ao segundo punto da orde do día da zona urbana, estanse agora mesmo rematando para poder ter os presupostos, que se lle informou que seran entregados este xoves en realizacion do segundo punto de aquel pleno, das actuacións a levar a cabo na zona urbana, e que unha persoa que ostentou a Alcaldia como o Sr Rodriguez Andina sabe da dificultade para unha Oficina Tecnica coma a de Ribadeo, cumprindo os acordos plenarios, redactar todos esos proxectos, facer os presupostos e que se siga traballando, para levar adiante o acordo plenario que é o que pretende ademais o goberno municipal; que a partir desta informacion o Grupo Popular poderá tomar as decisións que consideren oportunas, en relacion aosalario das persoas que estan aqui e que xa lle di que o de mártir non é unha verba que vai a atopar na boca do Alcalde.

Interven o Sr Fernande Reinante Salvatierra, Concelleiro non adscrito, que manifesta que no que respecta á Oficina Técnica tiña unha persoa e agora hai dúas, nestes momentos, co cal hai un cento por cento máis de medios, en todo caso polo menos humans, e que cree que dende logo ao Alcalde non lle cree nada do que lle esta a decir, e que vai a apoiar o Partido Popular.

Interven a continuación o Sr Suarez Barcia, do Grupo municipal do BNG, que manifesta que neste tema xa o outro día dixo que esto era un “trágala”, por como foi convocado o pleno, e traída toda a información, polo cuarto de hora que tiveron que esperar de cortesía, para que viñera o Sr Rodriguez Andina ou lle trouxeran os papeis, por como foi convocado o pleno, onde lles traían un carpetón de documentación que era imposible minimamente poder esfollar, por riba nada máis, sen chegar a velo minimamente, e onde xa tiveron que ir a un debate e votación que se perdeu pola coxuntura actual, pero que dende logo, repasando despois e logo dun punto posterior, porque houbo un certo rifirafe, unha vez advertidos que había camiños e habia infraestructuras absolutamente inaxeitadas, para que agora se procedera o amaño.

O Sr. Concelleiro que está a intervir pon como exemplo, de dúas que xa estaban feitas, pero non é que estiveran feitas, levaban feitas un mes antes de que o Grupo Popular convocara o Pleno, lóxicamente non son adiviños e ó mesmo tempo estaban feitas porque estaban licitadas moito tempo antes.

Prosegue manifestando o Sr Suarez Barcia que hai outras que non é recomendable que se fagan neste momento, e que hai unha onde donde se cita en Rinlo, o alquitranado dun tramo, no entorno na zona, non é no sitio preciso, pero na zona de Cobelo, e resulta que por ahí vai a pasar o saneamento integral da segunda fase, algo que xa veu o pleno fai meses, e que está, é publico o trazado, e que de feito aprobouse no pleno, e que pensa que por unanimidade, e parecelle tirar os cartos alquitranar algo que hai que levantar dentro de

nada; que está a empresa xa , a empresa adjudicataria das obras que licita Augas de Galicia, a piques de empezar as obras , e cree que as empezou por aquel lado, q que ademais polo tanto, é improcedente, por non decir impertinente.

Manifesta tamen o Sr Suarez Barcia que en Remouelle pretender facer 700 metros lineais dunha pista de prados e monte, alquitranalo, e eso non é recomendable, non é ético siquera, sobretudo, vendo como se poido ver, que hai dous meses, ou dous-tres meses que foi tratada con un tratamento moi bon , con zahorra , pola empresa Tragsa, en virtude do convenio que asinou o Concello e a Conselleria de Medio Rural para o exercicio do 2006 , polo tanto é improcedente; que esta outra de Villaselan , dos Galos estaba feita un mes antes de que se convocara ese pleno; outra que hai eiquí en Vilaselan , vai estar afectada tamen polo Saneamento integral, co cal e improcedente; que despois hai outra que sí que ,efectivamente, nas Barreiras , que ten baches , que hai que rebachear pero que entende que para un bo criterio de eficiencia financeira non debe ser o Concello exactamente , xa que é debido as obras da Autovía e que debe de facelo ela , a empresa , como asi lle teñen transmitido e polo tanto que entende que o Concello ahí non debería investir nada , aínda que é unha cuestión menor, xa sabe que é un rebacheo.

Prosegue manifestando o Sr Suarez Barcia, do Grupo do BNG, que no ambito das rúas do casco urbano, a rúa Ramón Gonzalez tal e como se ten anunciado , tal como consta a convocatoria que remata, por certo este venres 27, era improcedente proceder a amañar as beirarrúas porque como xa dixeron hai un mes,e nese Pleno , a rúa ibase amañar toda enteira, e que por tanto, pódese por unha cuestión de urxencia facer unha actuación para a circulación tranquila dos viandantes, pero non se debe actuar nas beirarrúas, porque se vai levantar, xa que si a Conselleria o ten a ben , que entende o terá que subvencionar igual que ven facendo nestos últimos anos; que polo tanto, cree que xa o dixeron mais

veces , e que entende pola coxuntura política que existe agora , pola correlacion de forzas polo que sexa,que queiran dar unhos fogonazos finais, porque son finais, xa que o Concelleiro que esta a falar e o Sr Rodríguez Andina, dentro de nada estaranse a cruzar nos locais electorais dando mitines por ahí; ou sexa que faga o Grupo Popular e o Sr Rodríguez Andina o que estimen en conciencia, o que deben facer, e que xa o BNG dixeron que isto ía ser un circo dende fai un tempo, e reitera que isto ía ser un circo e que habería momentos; o Sr Suarez Barcia,interrompe a súa intervención, dirixíndose ó Sr Valin Valdes, do Grupo Municipal Popular ao que lle dí que lle agradece que se ten algo que dicir que o diga, pero de verdade.

Por parte do Sr Valin Valdes afirmase que: “ Digo que fai 3 anos e medio que é un circo , con paiaos e todo ”

Por parte do Sr Alcalde se lle dí o Sr Valin Valdes que non está no uso da palabra.

O Sr Alcalde reitera o Sr Valin Valdes que non esta no uso da palabra e por dúas veces lle roga que manteña o orde.

Volta a intervir o Sr Suarez Barcia que dí que neste circo municipal hai que determinar efectivamente quen ten o rol desa profesión que remata de mencionar o Sr Valin Valdes, e que faga o Grupo Popular o que queiran facer porque o Concelleiro que esta a falar e os seus compañeiros do BNG, o que fala, liberado, e os seus compañeiros sen liberación se partiron os cornos catro anos menos un mes e medio, mais ou menos que queda , e que fagan o que deban de facer, absolutamente, e que non lles gardará rencor nin para ben nin para mal, e que entende que é un xogo político, e que aqui estan todos para defender os intereses dos veciños, dende as lóxicas posicións políticas de cada quen,e que entende que ata o de agora con erros ou con acertos, e que cometeron moitísimos mais acertos que erros.

Dirixíndose o Sr.Suárez Barcia ao Grupo Popular dí que a el concretamente, non lle din nin lle obrigan a traballar, xa traballa sin que lle obriguen , e que traballou moito mais , pero tamén para estar a gusto consigo mesmo,asi que vaian adiante.

Prosegue a intervención do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí o Alcalde que nos dous días seguintes, e ou aquí alguen minto, ou non sabe porqué, que non é certo que vaia dispor o xoves o Alcalde enriba da mesa o proxecto das rúas, pero que agarde, que hai algunhas feitas dende que as propuxo o Grupo Popular, claro.

Trata de intervir o Sr.Suárez Barcia, e o Sr.Rodríguez Andina lle dí ó Alcalde que ten que tratar o Alcalde por igual a todos.O Sr.Alcalde pide a varios Concelleiros que garden silencio.

Prosegue a intervención do Sr.Rodríguez Andina que dí que respecto ao rigor, claro que había algunhas feitas cando viñeron a Pleno, claro que é así; o rigor, claro; que non lle diga o Alcalde que é que lle deixou pasmado, esa explicación que lle da o técnico, que é millor facelo nun proxecto para aproveitar as baixas, pregunta porqué non llo explica ó Concelleiro de Obras que resulta que debe levar, como aprobaron no punto da orde do día, onde nos van decir canto levan investido dende o 1 de xaneiro ata hoxe, xa

verá como leva mais de 240.000 Euros, e xa verá como vai a trozos, 5.000 de aquí,, 6.000, 3.000 de alí,4.000...e claro, ahí non importa a baixa, a baixa importa agora porque non queren facelo, e lle aceptan que lle fixeran as obras así, porque se axiliza, por negociado e sen publicidade, e non se queixaron, o observaría o equipo de goberno, eso no derradeiro pleno ordinario,e agora resulta que cando levan cerca de 4 anos, facendoas todas así, cando propon o Grupo Popular hai que facelo todo dun golpe, para aproveita-la baixa, e si é que queren tomarlles o pelo, e iso non, que diga o que queira, pero repite que non lles tomen o pelo, porque entón que o Alcalde llo diga ó que tén á beira, e que o houbera feito dende o primeiro día, e non o fixo nunca.

A continuación dirixíndose ó Sr.Suárez Barcia se refire á afirmación de que estiveron agardando por cortesía un cuarto de hora a que lles trouxeran os papeis, e lle dí que mire, que son tan corteses que aínda que o Alcalde non lles citou para voltar ó Pleno que simplemente chamou ó Sr.Valín Valdés, e lle dixo que chamaran os do Grupo Popular para que voltaran, viñeron tamén por cortesía, que son todos moi corteses, así que non lles veña vendendo cousas, e fai referencia a demagogia.

Prosegue dicindo o Sr.Rodríguez Andina que non hai ningunha obsesión, e que o Sr.Suárez Barcia é un demagogo e punto, e aparte, e reitera que non é unha obsesión, que é a realidade das cousas. Que como punto seguinte, aquí se trouxeron unha serie de obras ao Pleno, se someteron as propostas a votación, se aprobaron as propostas, e pregunta si non é certo, e que ata ahí todo certo, pois non teñen nada que pinchar nin cortar, e hai que facelas, e non vale que digan que non lles parece algunha ben, polos motivos que sexa; reitera o Concelleiro no uso da palabra que son as que se aprobaron e por tanto hai que facelas, e vai darlle as grazas por autorizarlles a que fagan o que consideren mais oportuno, e que dunha persoa tan demócrata como o Sr.Suárez Barcia non podían agardar outra cousa, que que lles diga que lles autorizara a que fagan o que lles parezca, solo faltaba, pero, como cando se lanza se lanza, cando o Sr.Valín Valdés dí o do circo, de fai tres anos e medio, vai o Sr.Suárez Barcia e dí que neste goberno haberá que ver quen ten o rol dos paiaços, no equipo de goberno.

O Sr. Suárez Barcia, dí que se referiu a da Corporación.

O Sr.Rodríguez Andina, dí que o dixo do equipo de goberno, xa verá como está aquí escrito (refírese ó sistema de grabación)e que o van pasar moi ben.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que lles vai facer unha proposta, para que vexa que aquí non se trata; lles dí que o xoves vai ter toda a documentación enriba da mesa, e lle propón o seguinte: o Grupo Popular retira á súa proposta ata o xoves, e si se compromete o xoves a convocar un pleno extraordinario e que poidan contrastar que o que lles promete de palabra, o fai na realidade, si o fai, agardan, se non o fai, non lle poden creer, porque si non se fía ninde si mesmo, non se vai fiar o Grupo Popular.

Intervén o Sr.Suárez Barcia, do Grupo Municipal do BNG que dí que quere facer unha cuestión breve , que entende que hai camiños aquí, que xa pode amenazar o Sr.Rodríguez Andina co que queira que non se deben tratar agora , polo que acaba de

dicir, que hai camiños que se van levantar de maneira inminente , que sería unha prevaricación asfaltar un camiño que dentro dun mes se vai levantar , e que , polo tanto pode amenazar co que queira , que arree co que queira , que faga o que queiran os sete (refírese ó Grupo Popular e ó Concelleiro non adscrito)pero o voto do BNG neso vai ser en contra, porque hai camiños que están ahí metidos para amañar, que non se teñen que amañar e polo que acaba de expoñer hai un momento, que quede claro.

O Sr.Alcalde dí ó Sr.Rodríguez Andina que por si non está claro,por si non se explicou ben o que está o xoves ,é con relación ó segundo punto do pleno daquel día, e son os presupostos da zona urbana , non dixo que estivera ningún proxecto, dixo que se están redactando os proxectos da zona rural e que o xoves estaban os presupostos da zona urbana , que eso é o que manifestou , iso por unha banda , e por outra, que non agarde a xoves para cumprila sentenza que ten tomada con relación ó Primer Teniente de Alcalde e ó Alcalde ; si o Sr. Rodríguez Andina estima que se debe votar esa proposta están eiquí dispostos a facelo , si o Sr.Rodríguez Andina o considera oportuno; lle acaba de poñer en antecedentes de como está a situación dos acordos plenarios , e do resto é decisión do Sr.Rodríguez Andina e do seu Grupo e do Concelleiro non adscrito.

Intervén o Sr.Fernández Reinante Salvatierra que dí que non considera que o Sr.Suárez Barcia sexa o rei da demagogia, que é bastante bó, pero non é o rei;e que é curioso, as veces ten ganas de dicirllo , ó Sr.Teniente de Alcalde , por exemplo, en materia de urbanismo , pensa que só discrepa, primeiro, fundamentalmente , públicamente e segundo, cando cree que hai réditos electorais , seguro, porque sinon algo tería que decir cando se está producindo un aproveitamento do subsolo , nunha zona ben coñecida e que non se diga nada sobre iso , que se está aproveitando por parte dun promotor , cando según parece a Lei do Solo que tanto din que cumplan , ahí incumprese de xeito fragante ; por eso dí que algo de demagogia sí que fai .

Intervén o Sr. Rodríguez Andina que , dirixíndose ó Sr.Suárez Barcia lle dí que si os acordos que se votan aquí, e os que votan esos acordos pois si dí que prevarican ,que dispare , que algúns xa están acostumbrados (en relación a sí mesmo), e en segundo lugar que non lle amenza , nin ao Sr.Suárez Barcia nin a ninguen, que o reitera, e que leva mes e medio dicindo que fagan as cousas, e non as fixeron, e resulta que tende unha posibilidade e a resposta é que non amenace , que esas obras non se fan , porque se pode prevaricar e que fagan o que queiran; ata ahí podían chegar , van propoñer o que lles dé a gana ; o Sr.Suárez Barcia discute ,pero non ten nada que discutir sobre eso aprobado e si lle parece que é prevaricar , veña, ánimo , e logo vote o que lle parezca en conciencia como fará o Grupo Popular.Que sigue insistindo e non o fai ningunha vez mais, que si non lles traen o xoves , e lles convocan para traerlles algo concreto e ademais o fan de maneira fraccionada , como se acordou e non 240.000 euros , porque sabe que non o van facer manteñen á súa proposta .

Intervén o Sr.Alcalde que dí ó Sr.Rodríguez Andina que sepa que o seu soldo non depende deste acordo en concreto do Concello e de que o faga pasar por ese aro , e pode facer a proposta de votación que queira que a van a someter , que diga cal é.

O Sr. Rodríguez Andina dí que é a supresión dos soldos do Alcalde e do Primer Teniente de Alcalde.

Polo Sr.Alcalde se dí que antes de someter a votación a proposta quere que conste en acta a irregularidade da convocatoria deste Pleno , e que se vai someter a votación un punto que non figura na orde do día .

Pasada a votación a proposta do Grupo Popular nos seus propios términos por sete votos a favor (dos membros do Grupo Popular e do Concelleiro non adscrito)e seis en contra (dos membros dos Grupos Municipais Socialista e do BNG)acordase a supresión dos soldos do Alcalde e do PrimerTeniente de Alcalde.

Sen mais asuntos que tratar e sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos, o Sr.Alcalde da por rematada a sesion levantando a mesma e estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,